

INDICACIÓNS TAREFAS SEMANA DO 11 AO 15 DE MAIO

Seguides ben? Esperamos e desexamos que si.

Saudámosvos dende o recién nacido mes de maio, o mes das flores e o do esplendor do campo.

Este mes ben merece unha desas graciosas metáforas que tan artisticamente estades a representar. Un regalo de Gómez de la Serna para este mes:

“El perfume es el eco de las flores”

E que dicir desas poesías cociñadas con tanto amor? Pois que nos enchen de orgullo!!!

Como este tamén é o mes das Letras Galegas deixámosvos un anaquiño de maio en palabras de Curros Enríquez...

O MAIO

Aí vén o maio
de frores cuberto...
Puxéronse á porta
cantándome os nenos;
i os puchos furados
pra min estendendo,
pedíronme crocas
dos meus castiñeiros...

Esta semana seguiremos repasando e afianzando o que tedes aprendido:

Mate.- Un pouquiño de todo, decimais, potencias, números primos...

Lingua castelá.- Vocabulario, gramática, comprensión e expresión escritas.

Tedes que enviar á titora o venres 15 a actividade de expresión escrita sobre Ulises

Lingua galega. - Seguimos repasando contidos.

O resto das tarefas xa vos son coñecidas e lembrade que coma sempre, o venres teredes as solucións para poder corrixir os vosos exercicios e as actividades novas para a seguinte semana.

Entrade todos os días no voso blog de 6º. Está cargadiño de esforzo, creatividade, fantasía, colaboración...tantas cousas que fan del un apartadiño moi especial.

Tanto Mónica como Marga pedíronnos que sigades pendentes das súas propostas nos seus blogs e que recordedes que o que fagades podeades mandalo aos seus correos.

Xa houbo greguería, poesía; falta unha frase célebre para despedirvos ata a semana próxima con moito cariño de todas as persoas que intentamos que sigades aprendendo:

“Moitas veces nos máis escuros ceos é onde vemos as estrelas máis brillantes”

Richard Evans. Historiador británico